

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 30 de abril de 2015

Hora: 12:35

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

M^a Carmen Palacios Oubiña

David Losada Carril

José Varela Pet (actúa como secretario nesta reunión)

Ausencias xustificadas:

Purificación Cariñena Amigo

Gumersindo Feijoo Costa

Tomás Fernández Pena

Julia González Álvarez

Puntos a tratar:

1. Aprobación de actas de reunións anteriores.
2. Aprobación do Regulamento Interno da Comisión de Calidade.
3. Actualización das liñas xerais das guías docentes.
4. Revisión do SGIC.
5. Plan executivo de calidade.
6. Revisión do estado das accións de mellora das titulacións.
7. Planificación Plurianual do Plan Estratéxico da ETSE 2014-2020.
8. Execución orzamentaria e solicitude de Axudas de Accións de Mellora da Docencia.
9. Quenda aberta.

1. Aprobación de actas de reunións anteriores.

Ficaban pendentes de aprobación as actas correspondentes ás reunións do 23 e do 31 de outubro de 2014, así como a da xuntanza do 11 de marzo de 2013. O Presidente puntualiza que a primeira delas consta como extraordinaria pese a levar como primeiro punto a aprobación de actas. Esta cuestión haberá de ser posta en coñecemento da Secretaria da Comisión, hoxe ausente, para proceder á súa modificación de ser o caso. Feita esta aclaración, apróbanse por asentimento as tres actas.

2. Aprobación do Regulamento Interno da Comisión de Calidade.

O Presidente precisa que a modificación do Regulamento da Comisión obedece á necesidade de adaptalo ao Regulamento de Réxime Interno da ETSE. Apróbase por asentimento a nova versión do Regulamento, que fora previamente remitida por correo electrónico aos membros da Comisión.

3. Actualización das liñas xerais das guías docentes.

O Presidente explica que a tarefa de actualización da guía para elaboración de programas docentes do Centro foille encomendada aos coordinadores de grao porque para estes títulos a aplicación da devandita guía é de obrigado cumprimento. De seguido expón cales foron as modificacións de maior relevancia, incidindo especialmente na función dos anexos I e II e sinalando que, a nivel institucional, estase a requirir a especificación do sistema de avaliación na convocatoria extraordinaria de fin de carreira para todas as materias de segundo semestre, a excepción daquelas que sexan de primeiro curso. Tamén xustifica o procedemento de notificación de cambios nos programas que foi incorporado desta volta.

O profesor D. José Varela comenta brevemente o texto que foi engadido con respecto á correlación do peso de cada actividade na avaliación coa súa carga de traballo asociada.

O profesor D. Francisco Omil pregunta polo calendario de aprobación das programacións docentes nos departamentos e centros, e sinala que é aconsellable poñer en coñecemento dos profesores o novo documento o antes posible. Manifesta que ten a intención de que sexa aplicado no Máster en Enxeñaría Ambiental, motivo polo cal achegará a guía aos docentes do título en canto estea aprobada, aproveitando a ocasión para lembrarlles o calendario.

4. Revisión do SGIC.

En teoría, o manual de procesos e procedementos do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do Centro debería revisarse por completo cada curso académico, mais isto resulta practicamente inviable. No seu canto, o Presidente propón que cada ano se faga a revisión dun subconxunto de procesos, de xeito que cada tarefa se encargue a un responsable e se vaia sincronizando a realidade coa teoría. O espírito debe ser que, se na ETSE estamos convencidos co xeito no que executamos un procedemento, entón o que temos que cambiar é o manual.

Nesta reunión preténdese aprobar a dinámica de revisión e determinar os procesos suxeitos a revisión nesta ocasión, nomeadamente os seis seguintes: PC-07, PC-08, PC-09, PC-10, PS-04 e PM-03. Como responsable de calidade do centro, ao Presidente correspóndelle guiar este proceso.

O calendario que se está a manexar é o seguinte: en maio procederase á distribución do traballo co obxectivo de que estea rematado ao finalizar o mes; en xuño debería estar xa preparado para sometelo á valoración dos diferentes grupos de interese; finalmente, no mes de xullo haberán de ser aprobadas pola Comisión de Calidade as modificacións, as cales serán de aplicación no curso 2015/16.

5. Plan executivo de calidade.

O Presidente presenta esta iniciativa cuxo propósito é o de documentar as reunións, enquisas e, en xeral, todas as actividades que no Centro se realizan en prol da calidade. Particularmente, preténdese recoller cuestións como que reunións teñen lugar, quen as convoca, cal é a súa dinámica, cando se levan a cabo, como se fai o rexistro de participación, que resultados deben producir e para que se van usar, etc.

Neste intre se trata só de aprobar a posta en marcha desta iniciativa, para a cal vaise manexar o mesmo calendario que na revisión do SGIC discutida no punto anterior da reunión. O obxectivo primordial é o de dar soporte á labor dos coordinadores dos títulos e facilitar o seu relevo.

O profesor D. David Losada indica que o Máster de Big Data apenas comezou a súa andaina, polo que agora mesmo non se atopa en condicións de facer propostas. O Presidente o ve totalmente admisible pois do que se trata é de ofrecer un marco xeral que ademais facilite a adquisición de evidencias.

Apróbase por asentimento a posta en marcha desta dinámica.

6. Revisión do estado das accións de mellora das titulacións.

No pasado mes de outubro foron elaborados os autoinformes de seguimento dos títulos da ETSE para o curso 2013/14, os cales houberon de incluír o preceptivo plan de melloras. É momento de facer unha revisión do estado de execución no que se atopan estes plans. Os coordinadores dos títulos darán conta da situación de cada un a través dun breve informe.

O profesor D. José Varela describe a situación no Grao en Enxeñaría Informática, no que varias accións de mellora fican en progreso ou mesmo pendentes de inicio. O profesor D. Gumersindo Feijoo indica que xa ten remitido os documentos relativos aos dous últimos autoinformes do Grao en Enxeñaría Química e que a maioría das accións se atopan en progreso. O profesor D. Francisco Omil lembra as catro propostas que se incorporaron ao autoinforme e reporta o estado das mesmas.

Dáse remate a este punto da reunión pedíndolle aos coordinadores que envíen os seus documentos para que poidan ser xuntados a esta acta.

7. Planificación Plurianual do Plan Estratéxico da ETSE 2014-2020.

A Planificación Plurianual ten por obxecto concretar o Plan Estratéxico da ETSE describindo a súa evolución ao longo do período vixente. Aínda que debería terse elaborado no mes de decembro, as circunstancias fixeron que tivera ser adiado ata o de agora. En calquera caso, a “fotografía” que agora vai ser tomada é a que corresponde a ese mes de decembro.

O Presidente describe a estrutura desta planificación, na que se pode apreciar que algunhas cuestións están pendentes e outras se cumpriron anticipadamente. Posto que no seu momento se aprobara unha revisión semestral do Plan Estratéxico, pronto estaremos en condicións de ter a “foto” do segundo semestre do presente curso. O propósito é levar a Planificación á Xunta de Escola prevista para o día 7 de maio e, de seguido, enviala á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a súa aprobación.

O Presidente remata destacando a importancia de desenvolver o SGIC de cara a optar ás axudas da convocatoria de calidade.

8. Execución orzamentaria e solicitude de Axudas de Accións de Mellora da Docencia.

O Presidente ven de elaborar unha proposta de execución orzamentaria e a súa intención é que sexa aprobada en Xunta de Escola. O máis salientable desta proposta é a redución que contempla na cesión de fondos aos departamentos. O obxectivo é dispoñer dunha bolsa centralizada que a Comisión de Calidade haberá de manexar para poder apuntar a obxectivos globais máis ambiciosos que serán debidamente ordenados por prioridade. Os coordinadores canalizarán as necesidades relacionadas con cada un dos títulos.

Neste sentido, faise saber que está aberto o prazo de presentación de solicitudes de Axudas de Accións de Mellora da Docencia e que remata o próximo 15 de maio. Existe o compromiso institucional de converter esta convocatoria nunha verdadeira axuda de calidade e non un mero reparto equitativo. Os criterios de avaliación das solicitudes dos centros contemplan un 10% para o nivel de desenvolvemento do SGIC e un 15% ligado aos plans de mellora. E preciso que no lapso dunha semana os coordinadores transmitan as necesidades que detecten con respecto aos seus títulos para que a ETSE as poida integrar na súa solicitude. Recolleranse ideas ata o venres 8 de maio.

9. Quenda aberta.

Recentemente a USC compartiu cos centros o borrador do regulamento de prácticas académicas e deulles de marxe para achegar suxestións ata o luns 4 de maio. A xestora da Escola e o profesor D. Francisco Omil comparten diversas críticas a este documento. A xestora refire as complicacións que provoca no SGIC e o profesor Omil lamenta a dificultade de cumprir algúns aspectos no Máster de Enxeñaría Ambiental. Dado que na Escola se confire gran importancia á selección e á execución, o Presidente aprecia un exceso de regulación cando o que precisamente se necesita é máis flexibilidade.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 14:05 h.